

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

A. Puentes Chao (2004): “Breve contribución ó catálogo da traducción ó galego durante a segunda metade do s. XIX”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 401-414.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

BREVE CONTRIBUCIÓN Ó CATÁLOGO DA TRADUCCIÓN Ó GALEGO DURANTE A SEGUNDA METADE DO S. XIX

Antonio Puentes Chao

IESP de Santa Comba

1. INTRODUCCIÓN

Como o propio título indica, este traballo só pretende ser unha pequena contribución ó estudio do que significou durante unha parte do chamado fenómeno do “Rexurdimento” a presenza de traducións doutras linguas ó galego, feito este que sen dúbida debeu de axudar en boa medida a que a nosa lingua e literatura incorporasen influencias das linguas e literaturas próximas (e non tanto) e que a esas alturas posuían un prestixio moi superior. O adianto aquí ofrecido enmárcase dentro dun estudio máis amplo e ambicioso que se pretende levar a cabo nun futuro.

Para a súa realización procedemos a consultar unha serie de publicacións periódicas escritas integramente en galego aparecidas ó longo da segunda metade do século XIX, coa intención de localizar aqueles textos que constituísen unha tradución ou versión dun orixinal nunha lingua diferente.

As publicacións consultadas son as seguintes: *As Burgas* de Ourense (**AB**)¹, *A Fuliada* de Betanzos (**AF**), *A Fuliada* da Coruña (**AFL**), *O Galiciano* de Pontevedra (**OG**), *A Monteira* de Lugo (**AM**), *O Novo Galiciano* de Pontevedra (**ONG**), *A Tia Catuxa*, tamén de Pontevedra (**ATC**) e *O Tio Marcos d’a Portela* de Ourense (**OTM**).

Sen embargo é necesario facer unha serie de puntualizacións a este respecto:

- a) Ó tratarse de semanarios, revistas, etc. aparecidos no século pasado, en moitos casos a súa conservación ata os nosos días foi deficiente, xa que na maioría destes casos non existen edicións modernas que contribúan á conservación de tan interesante patrimonio (agás **AM** e **OTM**, dos que temos edicións facsimilares), e simplemente contamos co que poidamos atopar nas hemerotecas dalgúns dos arquivos

¹ En cada unha destas publicacións figura ó final, e entre parénteses, a abreviatura mediante a cal faremos, no sucesivo, mención a ela.

e bibliotecas da nosa terra. Polo tanto non sempre puidemos consultar todos os números dados á luz no seu momento (non se conservan ou non fomos capaces de localizalos), e mesmo nalgúns casos só accedemos a unha ínfima parte de todo o volume publicado na súa época. Así, de **AB** tan só puidemos consultar os n.^{os} 2 ó 7 (incluídos) (30-12-1894 ó 3-2-1895) e o n.^o 10 (3-3-1895); de **OG** non vimos o n.^o 1 (8-8-1884) nin os correspondentes ó 20-3-1887, 8-1-1888, 15-1-1888, 22 e 29-1-1888 (tal vez non se publicaron), 13-5-1888 e 6-1-1889²; en **ONG** non vimos o n.^o 1 (19-8-1888), e o último que consultamos foi o n.^o 25 (10-2-1889), onde aparecen artigos que acaban cun “continuarase”; así mesmo, de **ATC** tan só traballamos cos n.^{os} 2 a 5 (6-10 a 3-11-1889) e 11 a 18 (4-1 a 22-2-1890); por último, de **AF** só comprobamos os n.^{os} 8, 13 e 20 (5-5, 9-6 e 29-7-1887) e de **AFL** os n.^{os} 2 ó 24 (9-2 ó 26-7-1888).

b) Á hora de localizar os textos, estes non sempre ofrecen datos claros e precisos sobre a súa procedencia ou non doutra lingua, polo que ás veces se presentan dúbidas, as cales procuramos ir resolvendo na medida do posible, pero que nalgúns casos sempre estarán a expensas de novos datos que poidan xurdir nun futuro. Do mesmo xeito é bastante habitual que se produzan ambigüidades no referente a quen é o autor e quen o traductor, ambigüidades que non sempre fomos capaces de elucidar de forma totalmente fiable, polo que é posible que os datos ofrecidos a este respecto sexan susceptibles de modificación á luz de posteriores informacións.

En calquera caso, da consulta de todo este material obtivemos un conxunto de 60 textos nos que, dunha ou doutra forma, se nos indicaba con certa claridade a súa procedencia doutra lingua. Deses textos pasamos a dar conta nos apartados seguintes.

2. PUBLICACIÓNS E DATAS MÁIS RICAS EN CANTO A TRADUCCIÓNS OFRECIDAS

Antes de ofrecer datos concretos neste sentido debemos dicir que, polo que puidemos observar, era frecuente que un mesmo texto aparecese en máis dunha publicación (estas intercambiábanos ou copiábanos; téñase en conta que falamos de xornais que tiñan, en moitos casos, un número moi concreto de lectores asiduos e dentro dunha área xeográfica moi determinada), razón pola cal as cantidades parciais superan na súa suma ó número total, ó seren algúns textos contabilizados en máis dunha ocasión.

A publicación máis prolífica neste sentido foi **OTM**, cun total de 26 textos (entre abril de 1876 e xuño de 1889). A continuación está **OG** con 18 textos (entre novembro de 1885 e xuño do 1889). En terceiro lugar temos **AM** con 15 textos (de outubro de 1889 a decembro de 1890). **ONG** publica 3 textos (de setembro a decembro de 1888). E

² Indicamos só a data porque a partir do n.^o 123 prodúcese un auténtico caos no que á numeración se refire (números repetidos, voltas atrás, etc.), polo que o único que é de fiar é a data de publicación.

por último *AF* tan só nos ofrece 1 texto (xuño de 1887), mentres que tanto os números consultados de *ATC* como de *AB* e de *AFL* non presentan en ningún dos seus artigos indicacións ou indicios de que estes poidan ser o froito dunha traducción.

OTM non só é o que ofrece un maior volume de escritos deste tipo (o que é normal, se temos en conta que a súa publicación perdurou no tempo máis ca ningunha outra das aquí estudadas), senón que ademais é o que empeza a facelo nunha data máis temperá, polo que, salvo datos máis precisos, podemos consideralo o “precursor” deste tipo de publicacións dentro do que é a “prensa” integramente escrita en galego (claro que esta afirmación non deixa de ser unha obviedade se temos en conta que foi precisamente *OTM* o primeiro de todos eles e, en palabras de Alonso Montero –1989, p. XXXVII– tamén “o mellor de todos”). *OG* ocupa o segundo lugar, non só no que a cantidade de textos se refire, senón tamén no que respecta ó abano de anos durante o cal nos ofrece este tipo de presencias (faino durante 5 anos do total de 6 que ve a luz); e mesmo é o segundo en ser o que en data máis temperá recolle a iniciativa de presentar artigos consecuencia dunha traducción. *AM* só viu a luz durante 2 anos, polo que é lóxico que nos ofrezca un menor número de textos obxecto da nosa análise, pero sen embargo atopámonos con que nos ofrece unha media de 7,75 textos por ano de publicación, polo que desde este punto de vista a orde varía totalmente e pasa a ser a primeira e máis importante, por diante de *OTM* (2,8 t./ano –dos 9 de publicación que consideramos–³) e de *OG* (3 t./ano) –e tamén por diante de *ONG* (con 1,5 t./ano)–. Son *ONG* e *AF* (con 3 e 1 texto, respectivamente), xunto con *ATC*, *AB* e *AFL* (nos que non atopamos traducións) os que teñen unha relevancia menor, o que por outra parte é normal, considerando, ben a escasa cifra de números aparecidos, ben os poucos ós que conseguimos ter acceso.

No que se refire ós anos nos que teñen lugar un maior número de aparicións, observamos que o ano 1890 supera a todos os demais con diferenza, ó contabilizarmos nel un total de 14 textos aparecidos nas diferentes publicacións consultadas⁴; é este o ano de “auxe” de *AM*, na cal se publica a totalidade destes 14 textos, polo que unha vez máis nos atopamos con que este semanario demostra un especial e destacado interese en ofrecer ós seus lectores este tipo de documentos; non en van esta revista ten con respecto ás outras da súa época escritas en galego, en palabras de Carme Hermida e Antón Santamarina (1989, p. XXV) “un matiz ideolóxico diferencial”, que se manifesta no seu subtítulo *Somanario d'intreses rexionales e literatura*, e, tal e como afirman Hermida e Santamarina (*ibidem*) “entre as primeiras reivindicacións rexionalistas está o idioma”, todo o cal diferencia esta publicación das demais, xa que “a maior parte das súas antecesoras teñen outros intereses primarios” e “no caso que nos ocupa, a lingua galega, a súa defensa e ilustración, é o obxectivo principal; por iso a revista nos fornece moita informa-

³ 1876-1877, 1883-1889.

⁴ De novo debemos ter en conta que hai textos que, por apareceren publicados en máis dunha ocasión (e ás veces en anos diferentes), se atopan así mesmo contabilizados tantas veces como foron publicados.

ción de interese lingüístico e sociolingüístico” e, engadimos nós, fai un particular esforzo en intentar demostrar un dos principios básicos de calquera proceso de normalización dunha lingua: a súa total validez para reproducir todo tipo de escrito igual que calquera outra. A continuación sitúase o ano 1889 con 10 textos, e despois os anos 1885 e 1886 con nove textos cada un, para logo, nos anos intermedios 1887 e 1888, obtermos un total de 7 textos en cada un deles. Nas datas anteriores a este sexenio o número diminúe significativamente, contabilizándose 1 texto no ano 1876, tamén 1 no 1877, 5 no 1883 e finalmente 2 no 1884. En resumo, podemos apreciar que no sexenio 1885-1890 atopamos un 86% dos textos obxecto da nosa análise, o que non debe de ser froito da casualidade se temos en conta que nestas datas culmina o que se deu en chamar nacemento da conciencia galega coa presenza en toda a súa forza do Rexionalismo (que xurdiu á par dos movementos rexionalistas vasco e catalán, lingua esta da que atopamos varias mostras de tradución) e que ó redor destes anos se produce o que poderíamos cualificar de “eclosión” do movemento da renacemento galega, coa presenza de feitos tan significativos como a aparición da editorial *Biblioteca Gallega* (1885), a publicación de *Queixumes dos pinos* (1886), da terceira edición –ampliada con respecto ás anteriores– de *Aires da miña terra* (1886), do *Divino Sainete* (1888), do *Catecismo do labrego* (1889) ou de *El Regionalismo* de Brañas (1889), a obra base do movemento político do mesmo nome e anteriormente citado.

3. OS XÉNEROS OBXECTO DE TRADUCCIÓN

Sabido é que durante o Prerrexurdimento e o propio Rexurdimento o xénero máis cultivado e que, desde logo, supuxo un maior e mellor impulso para o proceso normalizador do galego foi o da poesía. En efecto, ó ser este o “xénero do sentimento” (que sintonizaba ben cunha lingua que se consideraba capacitada para expresar “calquera sentimento”) considerouse máis adecuado para enarborar a bandeira da defensa da lingua, defensa que agora estaba en gran medida provocada polo, precisamente, sentimento de aprecio que, cada vez máis, se lle estaba a ter. Isto provoca un aumento progresivo na utilización da lingua escrita (maioritariamente na poesía, como dicíamos), tal e como moi ben explica Hermida (1992a, p. 147) (os subliñados son nosos):

Certifica-la existencia dos elementos que facían del (do galego) unha lingua apta para a escrita foi un dos principais labores que houbo que realizar para potencia-la creación da literatura. Por iso, a partir dos primeiros momentos da Renacemento, os distintos autores centraron os seus esforzos en mostráreno como unha lingua que posuía unhas características especiais, superiores ás doutras linguas, para expresar determinado tipo de sentimentos. (...) Había que demostrar que permitía a elaboración estilística, é dicir, (...) que nas mans dun escritor se mostraba dócil para adaptarse ó ritmo propio da literatura, especialmente da poesía.

E a continuación a propia autora (*ibidem*, p. 148) fai unha serie de alusións a críticos e estudiosos da época que referendan o dito, con afirmacións tales como a de Ginard⁵ cando di que “*el idioma en que habla la musa inspirada de Curros, es uno de los más flexibles y que mejor sirven á la poesía*”.

Pois ben, 33 dos textos encontrados son poesía⁶, é dicir, un 55% do total, o cal parece lóxico se consideramos o anteriormente exposto. A variedade é grande: atopamos o que poderíamos cualificar de poesías “narrativas”, sátiras políticas, pezas dialogadas, fábulas, etc., claro que, pola contra, tamén nos encontramos con traducións de pezas moi afamadas e coñecidas (logo falaremos diso), o que, unha vez máis, parece ser un intento por demostrar que a galega é unha lingua tan válida como a latina, a castelá... (linguas das que se fan esas traducións) para plasmar eses mesmos contidos.

Os restantes 27 textos están en prosa (o 45%). Esta porcentaxe é moi elevada, e non se corresponde en absoluto coa produción en galego do momento, na que predominaba a poesía, como xa vimos, o que vén indicar que parece haber unha intención de encher coas traducións o baleiro que había naqueles momentos con respecto ás publicacións prosísticas, que se atopaban en franca minoría en relación co xénero poético. Pero esta idea exprésaa á perfección Manuel Comellas, precisamente un dos tradutores cos que nos atopamos nestas publicacións (xa que del temos unha tradución dun fragmento do *Génie du christianisme* de Chateaubriand), quen nun artigo publicado no 1875 en *El Heraldo Gallego* dicía o seguinte⁷:

Nosos enemigos (sabédolo millor qu’eu) por non saberen xa que desiren, din qu’o linguaxe gallego é fala de bestas, que con il, soilo pódese falar de cousas d’a montaña, mais non centíficas, nin moito menos; que non se hachan n-il diciós que monten o mesmo qu’as escollidas d’outras lengoas (...) Inda faltanos un pouco de camiño pra confundilos, e necesario traballar hastra sair con vitoria n-o terreo centífico ó mesmo que n-o poético; e, hai que decilo, non temos un libro d’isa clas, escrito en gallego. ¿Por qué? Non séi. Eu, probe de min (...) choro esa faltiña e (...) quero dar unha proba d’o que val o melosiño linguaxe gallego n’iste terreo, inda virxen. Si tivera con qué, veríades un libriño; son probe e soilo podo hachar un curruncho n’os papeis que se pubrican n-a miña terra.

Parece que esta idea de Comellas de traballar “n-o terreo centífico ó mesmo que n-o poético” para cultivar ese terreo “inda virxen” da prosa é extensible ó resto de tradutores do momento.

Dentro deste apartado da prosa podemos facer unha sub-clasificación: 15 deses textos constitúen o que poderíamos cualificar de “prosa literaria”, o resto (12) (o 20% do

⁵ R. Ginard de la Rosa, “Un libro y un poeta”, en *El Independiente*, 27 (7-7-1881), 1-2.

⁶ Non parece este o momento de entrarmos en disquisicións terminolóxicas, polo que ó falarmos de poesía estámonos a referir simplemente a calquera texto que estea escrito en forma de versos e que posúa algún tipo de rima (cousa que, por outra parte, tampouco sería totalmente imprescindible).

⁷ Manuel Comellas, “Recreacións centíficas”, en *El Heraldo Gallego*, Ourense, 33 (12-8-1875), 249-250. Collido de Hermida (1992b, pp. 97-98).

total) son prosa non literaria (artigos de opinión sobre temas varios, comentarios políticos, mesmo ensaios lingüísticos...).

4. AS LINGUAS TRADUCIDAS⁸

Dos 60 textos cos que traballamos temos 20 (o 33%) nos cales non se nos indica a lingua da que proceden, nin tampouco se nos ofrecen datos suficientes como para poder precisalo de forma fidedigna.

Naqueles textos (os 40 restantes, é dicir, un 67% do total) nos que temos constancia da súa procedencia lingüística a lingua máis traducida é o castelán (concretamente son 27 os textos que, ou ben así o indican, ou ben se pode deducir e concluír das diferentes informacións que nos fornecen), o que, por outra parte, parecía bastante esperable, cremos que por, fundamentalmente, dúas razóns: en primeiro lugar esa é a lingua coa que indiscutiblemente se ten un maior contacto, e que, consecuentemente, se coñece e se domina mellor por un maior número de hipotéticos tradutores; en segundo lugar non debemos esquecer que, durante os séculos anteriores, a marxinação lingüística á que se viu sometido o galego estivo provocada pola incesante e crecente presión do castelán; así pois, á hora de demostrar que a galega era unha lingua útil, fermosa, apta e adecuada, o “inimigo” que había que bater era sen dúbida aquela lingua que sistematicamente viñera substituíndo á propia en todos os usos “cultos” (dos que a escrita, na súa totalidade, forma parte fundamental), e nada mellor que unha tradución para facer ver que todo aquel texto que estivese en castelán, fose prosa ou poesía, podía aparecer exactamente igual en galego.

A segunda lingua máis traducida é o catalán, con 4 textos. A explicación de que sexa a segunda en presenza tamén é doada: debemos recordar que nos estamos movendo fundamentalmente ó redor do sexenio 85-90 (V. *supra*), durante o cal está en pleno vigor o movemento Rexionalista. O Rexionalismo xorde á par do movemento rexionalista catalán, co que comparte o mesmo proxecto de intento de organización do estado español de forma descentralizada, polo que nestas datas as relacións entre as dúas comunidades se acentúan, tal e como explica Hermida (1993, p. 39):

A partir do ano 1885 nótase (en Cataluña) unha progresiva mudanza neste escaso coñecemento da realidade cultural e política de Galicia debido, fundamentalmente, a dúas razóns. Por unha banda á propia situación galega pois a década dos oitenta supón a consolidación definitiva do rexurdimento cultural e mailo nacemento e progresivo asentamento da ideoloxía política denominada rexionalismo. A segunda razón do

⁸ Tamén aquí debemos ter en conta que en determinados casos é posible que as informacións dadas polos propios textos sexan inexactas: cando o tradutor recorre a unha lingua intermedia (normalmente o castelán) en lugar de traducir directamente daquela da que di ter traducido o artigo, casos estes moitas veces imposibles de detectar.

cambio é a aparición no mercado editorial de determinadas revistas de ideoloxía rexionalista, tanto no ámbito catalán coma no galego. (...) Isto é, a través do intercambio de publicacións, as diferentes noticias galegas chegan puntualmente a Cataluña ...

Ata tal punto hai unha boa comunicación entre as dúas comunidades que o propio Brañas publica a súa obra máis significativa a este respecto, *El Regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario*, en Cataluña (concretamente en Barcelona no ano 1889) e alentado por cataláns. En definitiva, prodúcese unha identificación entre a lingua catalana e a nosa, identificación que vén provocada en gran medida pola comunión ideolóxica existente entre os círculos nacionalistas das dúas comunidades, todo o cal provoca un especial interese en dar a coñecer aquí aquelas obras e personalidades máis importantes do mundo político-cultural catalán (como son concretamente Joaquim Rubió i Ors ou Apelles Mestres).

A terceira lingua máis traducida é o francés, con 3 textos (xunto co latín, do que agora falaremos). Aínda libre da preponderancia da lingua inglesa, o francés era unha lingua con gran prestixio internacional, estudada polas clases sociais máis cultas, e, consecuentemente, relativamente ben coñecida. Francia e a súa lingua eran identificadas naqueles tempos coa cultura e co poder.

Pero tampouco podía faltar, por suposto, a presenza de linguas máis clásicas, como o latín (3 textos) ou o hebreo (2 textos). No caso do latín, ademais, é significativo destacarmos que dúas das composicións procedentes desa lingua aparecen presentes en máis dunha publicación, co cal temos que supoñer que a súa difusión foi maior, polo que, engadida esta perspectiva, deberíamos considerar a presenza de traducións da lingua latina en terceiro lugar, despois da castelá e da catalana, e por diante da francesa.

Por último temos 1 único texto traducido desde o portugués, cantidade esta desde logo moi exígua para tratarse dunha lingua tan próxima á nosa (tanto lingüística como culturalmente). A explicación pensamos que pode estar, simplemente, no xa tradicional “vivir de costas” a Portugal que na nosa patria se deu a partir da consolidación dese país como estado independente, o cal provocou que por parte das clases populares se produxise un progresivo e continuado descoñecemento e desinterese da súa cultura.

En conclusión, se facemos un cálculo porcentual entre aqueles textos dos que temos datos sobre a súa procedencia lingüística, extraemos os seguintes resultados:

- De procedencia castelá67,5%
- De procedencia catalana10,0%
- De procedencia francesa.....7,5%
- De procedencia latina7,5%
- De procedencia hebrea5,0%
- De procedencia portuguesa.....2,5%

Por outra parte, debemos ter sempre en consideración, á hora de abordar unha tradución, a posibilidade de que esta sexa feita a través dunha lingua intermedia, e non directamente da súa fonte orixinal: pois ben, se isto non parecía pensable nos casos das

linguas contemporáneas, tampouco no que se refire ás traducións desde o latín, dado que sabemos os nomes dos tradutores e cóstanos que eran uns bos coñecedores desa lingua (Saco e Arce, García Mosquera e Pérez Ballesteros) (e mesmo desde o hebreo, se nos fiamos da información que do tradutor –Pérez Ballesteros– se nos dá na *Gran Enciclopedia Gallega*, s.v. *Pérez Ballesteros, José*, cando se nos di que “... dio a la imprenta (...) una traducción, hecha directamente del hebreo...”).

5. OS AUTORES MÁIS TRADUCIDOS

O autor máis traducido é, precisamente, o catalán Joaquim Rubió i Ors (del son 3 dos 4 textos procedentes desa lingua). Rubió i Ors, un dos principais expoñentes da *Renai-xença* catalana, nacera en Barcelona no ano 1812 e morreu no 1899 (xustamente dez anos despois de apareceren publicados os tres artigos, e ademais en tres semanarios diferentes –e nalgún outro da época que non entra agora no obxecto do noso estudio⁹). Este autor, con estudos de física, francés, teoloxía, literatura, latín... adquiriu sona cos artigos de costumes publicados na prensa do momento e, sobre todo, cando no ano 1839 aparece a que foi a máis popular das súas poesías co pseudónimo *Lo Gaiter del Llobregat* (O Gaiteiro do Llobregat) (posteriormente publicaría un libro con ese mesmo título). Precisamente é esa unha das poesías que se nos ofrecen deste autor, traducida por Pérez Ballesteros para a edición políglota do libro que leva ese mesmo título. E que mellor que as palabras do propio Pérez Ballesteros na súa presentación sobre este autor, esta poesía e o seu significado (con motivo do cincuentenario da súa publicación)¹⁰ para entendermos a decisión dos semanarios galegos do momento de a incluír nas súas páxinas (os subliñados son nosos):

Al querer explicar el catalanista Sardá, la causa del extraordinario éxito de las poesías del *Gaiter*, y, admirado de que una simple manifestación literaria apasionase de tal suerte los espíritus, en el momento histórico en que hondamente los traían perturbados sobreexcitaciones de otra índole, incompatibles á primera vista con aquella inocente distracción, nos dice: “Rubió y Ors había encarnado y resumido en sus versos un conjunto de aspiraciones y sentimientos que flotaban en la atmósfera moral de Barcelona y de Cataluña.” “A nadie, tal vez, se le ocurría preguntarse: por qué razón el idioma en que rezaba y enamoraba y hacía sus negocios y sostenía sus amistades, el idioma de sus padres y de sus hijos, el idioma que oía en el hogar y en el templo, por qué razón, aquel idioma, que era su vida, había de quedar reducido como instrumento literario á serlo simplemente de cuatro sainetones chocarreros, sin que ni una sola vez sir-

⁹ Por exemplo en *Galicia Regional*, n.º 3 (marzo de 1889), 135-139 (unha delas) e n.º 4 (maio de 1889), 279-281 (outra).

¹⁰ En *Galicia Regional*, n.º 3 (marzo de 1889), 135-139. Probablemente de aquí a collería despois *O Galiciano* (n.º 218, 14-04-1889, 4-5).

viase en papeles y letras de molde para aquello mismo que en la conversación corriente y diaria hallaba en él espontáneo y dócil vehículo.”(...)

Rubió y Ors fue el primero que tuvo la gloria de escribir en catalán poesías serias, en el diario de mayor circulación del principado; (...)

Sus poesías, en todos los géneros, (...) dejan comprender fácilmente el entusiasmo con que fué acogido dentro y fuera de España (...) el pensamiento de celebrar el quincuagenario de la regeneración de la literatura catalana, á la cual sirvió de enseña la publicación de la poesía *El Gayter del Llobregat*.

Parece claro que Cataluña é o espello no que, agora máis que nunca (debido ó Rexionalismo), se mira a intelectualidade do rexurdimento galego. E é o exemplo desta comunidade o que se quere transmitir ós lectores.

Despois de Rubió i Ors, os autores máis traducidos son Ramón de Campoamor, Gustavo Adolfo Bécquer e Leopoldo Martínez Padín, con dúas composicións cada un, todas elas do castelán.

Debemos empezar por Campoamor porque unha das súas composicións aparece repetida en dous números distintos de *OTM* (e a outra cóstanos que ademais de en *ONG* aparece tamén en, polo menos, outra revista da época que agora non é obxecto do noso estudio¹¹). Campoamor (1817-1901) foi un destacadísimo escritor no seu tempo, pero mellor que as nosas para explicalo, escoitemos as palabras de Ruiz de la Peña (1994, p. 18):

... en su época uno de los escritores más reputados (más de cincuenta años gozando del fervor incondicional de los lectores)...

Porque no es sólo que Campoamor causara entusiasmo entre las legiones de sus fieles lectores y en la turba de poetastros convertidos al modelo de su singular escritura, sino que los propios contemporáneos (el temidísimo Clarín, el sarcástico ensayista y político conservador Pidal y Mon, la novelista Emilia Pardo Bazán, el erudito y perspicaz lector Menéndez Pelayo y, aun, el príncipe de los poetas *fin de siècle*, Rubén Darío) mostraron de forma más o menos constante (...) su admiración por la obra campoamoriana.

Este autor, hoxe esquecido, destacou fundamentalmente polas súas poesías, en especial polas *Doloras*, poemas que provocaron a aparición de moitos imitadores e causaron un furor tal na segunda metade do XIX que desta obra se publicaron trinta edicións ata o ano 1902. Por suposto, como non podía ser menos, as traducións ás que nos estamos a referir son dúas “Doloras” (“O Gaiteiro de Xixón” e “¡Quen soupera esquirbir!”).

Cremos sobrado dicir nada sobre Bécquer. Este destacado autor romántico adquiriu sona gracias ás súas *Rimas*, das que proceden as súas dúas traducións (“Porque son, nena, os teus ollos...” –a n.º 12– e “Eu acerqueim’os grandes percipicios...” –a n.º 47–). É lóxico que se inclúan composicións dos románticos españois tendo en conta que, en certa medida, o movemento rexurdimentista galego comungou co romanticismo no refe-

¹¹ En *Galicia Humorística*, no n.º correspondente ó 15-1-1888, 11-12.

rente a que este creou un ambiente favorable para a recuperación do autóctono naquelas nacionalidades carentes de estado.

A razón de nos ofrecer traducións de Martínez Padín (1823-1850) pensamos que é outra ben distinta: trátase dun galego que, xa antes dos anos 50, igual que os seus contemporáneos Francisco Añón, Alberto Camino, etc., escribía sobre Galicia, e, aínda que en castelán, obras tan importantes como a súa *Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia*, de onde están collidas as dúas traducións deste autor. Seguramente pensou D. Amador Montenegro, o seu traductor e editor de *AM*, que había que dar a coñecer ó público unha personalidade como a deste periodista, poeta e historiador, tan ilustre para o prerrexurdimento galego a pesar da súa prematura morte ós vinteseite anos.

6. OUTROS AUTORES AFAMADOS OBXECTO DE TRADUCCIÓN¹²

Dentro deste apartado poderíamos facer unha subclasificación en dous grupos: os escritores nas linguas do estado español e os das linguas de fóra de España.

No primeiro dos grupos, unha vez máis, atopamos o catalán e o castelán.

O autor catalán que nos quedaba por comentar (recordemos que das 4 composicións procedentes desta lingua 3 eran de Rubió i Ors) é Apel.les Mestres (1854-1936), debuxante, músico e escritor, faceta na que o “seu concepto de l’obra d’art com a manifestació total el dugué a negar la independència dels gèneres”¹³, e na que acometeu tamén labores de traducción, como da obra *Intermezzo* do autor alemán Heine.

Do castelán tradúcense textos de, entre moitos outros escritores galegos da época do rexurdimento¹⁴ (practicamente todos tiñan, total ou parcialmente, obra en castelán), Rosalía e Alfredo Brañas. De Brañas, como non podía ser menos, ofrécesenos un “Discurso” rexionalista pronunciado por este autor en Santiago o 9 de marzo de 1890. De Rosalía, como moi ben informa Alonso Montero (1989, p. xxxix) publícase a versión galega das dúas primeiras páxinas do seu artigo “El cadiceño”, que fora publicado no 1866 (claro que o seu traductor, o señor López Prado, non indica a súa procedencia, atribuíndose o texto como propio).

De entre as linguas foráneas ó estado español podemos destacar as traducións de Chateaubriand, Heine e un clásico, Horacio. Do francés Chateaubriand (1768-1848), considerado unha das figuras máis importantes do primeiro romanticismo francés, temos dous fragmentos do que sen dúbida é unha das súas obras máis importantes e coñecidas, *Génie du christianisme* (1802), na que fai unha apoloxía do cristianismo. Do

¹² Non se trata de facer unha lista exhaustiva, senón, simplemente, de indicar algúns que nos parecen especialmente significativos.

¹³ *Gran Enciclopedia Catalana*, s.v. *Mestres i Oñós, Apelles*.

¹⁴ Juan Barcia Caballero, Ventura Ruiz Aguilera, Heraclio Pérez Placer...

tamén romántico alemán Heine (1797-1856) preséntanos Amador Montenegro Saavedra (V. *infra*) unha poesía, case con toda probabilidade traducida a través dalgunha das varias versións que por aquel entón, e polo menos desde o ano 1856, había ó castelán. Por ultimo, do latino Horacio (65-8 a.C.), sobre todo coñecido na actualidade pola súa *Epistola ad Pisones*, preséntasenos, por duplicado en *OTM* (e tamén noutras revistas varias do momento¹⁵) a xa popular versión do “*Beatus ille...*”, o 2º dos seus *Epodos* (que non *Odas*, como na composición se indica), feita por José García Mosquera; tal vez as razóns de facela constar neste semanario (mesmo por dúas veces) respondan ós seguintes argumentos: a) é xa unha composición moi coñecida por aqueles momentos; b) é unha das poucas, e tamén das primeiras, mostras de traducción directa¹⁶ dun clásico latino ó galego; c) “é peza de grande perfeición prosódica, estilística e lingüística (...) e nela o galego atinxe unha prestancia nova, ao se fundir as voces enxebres coa elocución clásica na que latea o gosto humanístico”¹⁷; d) aquel mesmo motivo que Alonso Montero (1992, pp. 530-531) indica como razón do propio García Mosquera para a escribir cando di que “todo fai supoñer que a índole do poema, inzado de elementos rurais e de adhesión á vida campesiña (non mísera), foi a condición que invitou ó humanista Xosé García Mosquera a facer falar a Horacio en galego”.

7. TRADUCTORES MÁIS FRECUENTES

Os dous homes que, con diferenza, máis se dedican ó labor de ofrecer traducións nas publicacións consultadas son José Pérez Ballesteros e Amador Montenegro Saavedra, cun total de 5 textos cada un deles.

Pérez Ballesteros (1833-1918) traduce dous salmos de David (o 2 e o 103), un “Cántico de viernes santo”¹⁸, e dúas poesías do catalán (a xa citada “O gaiteiro d’o Llobregat” e “Doores e consolos”, ambas as dúas de Rubió i Ors). Este humanista, licenciado en Filosofía e Letras e doutor en Dereito, posuía coñecementos dabondo para realizar esas traducións, e ademais tiña un particular gusto pola poesía; neste sentido, como membro que era da asociación “Folklore gallego”, creada por Emilia Pardo Bazán na Coruña, traballou na recompilación e na divulgación da poesía popular galega, publicando, entre outras moitas obras, o seu coñecido *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña* (1885-86). Foi membro de diferentes corporacións científicas e literarias de varios países e ademais un dos 40 numerarios fundadores da Real Academia Galega.

¹⁵ *El Heraldo Gallego*, *Liga*, etc.

¹⁶ García Mosquera posuía “un grande dominio das linguas mortas e vivas.” (Carballo Calero, 1981, p. 87).

¹⁷ Carballo Calero, 1981, p. 88.

¹⁸ Da primeira aparición destas tres informa xa Carballo Calero, 1981, pp. 110-111.

Amador Montenegro (1864-1932), poeta e membro tamén da Real Academia Galega, fai as traducións para o semanario do que é fundador e director: *A Monteira* de Lugo (asinando sempre simplemente coas iniciais A. M.). As tales traducións son unha de Heine (posiblemente a través dalgunha versión castelá), unha de Apelles Mestres (“O emperador d’a China”, a única mostra que atopamos deste autor, pois as outras do catalán eran de Rubió i Ors), unha de Ventura Ruiz Aguilera (concretamente “La gaita gallega”, a mesma que reproducira Rosalía en *Cantares Gallegos*¹⁹) e as dúas xa citadas de Leopoldo Martínez Padín. Debemos ter en conta ademais que é moi posible que algunhas das traducións presentes en *AM* das que non se dá indicación do traductor ou nas que simplemente consta un “traducido pola Redacción d’A Monteira” sexan así mesmo obra do propio Montenegro, un dos que máis traballaba, senón o que máis, por sacar puntualmente á luz o semanario.

8. OUTROS TRADUCTORES DE ESPECIAL RENOME

Dentro deste capítulo podemos empezar, polo especial papel que xogou no momento histórico no que nos estamos a mover, por Alfredo Brañas (1859-1900), o creador da teoría do Rexionalismo. Este home, profesor da Universidade compostelá, magnífico escritor e orador, estendeu moi axiña a súa fama por toda España, e especialmente por aquelas comunidades que se sentían máis identificadas coas súas teorías rexionalistas (caso de Cataluña). Escribiu poemas tanto en galego coma en castelán, e a todo isto temos que lle engadir o seu gusto pola traducción, ata o punto de que tiña o proxecto de facer unha versión moderna das *Cantigas de Sta. María*, de Afonso X. De Brañas atopamos en *ONG* (e noutras do momento, como antes indicamos) unha traducción dun poema de Campoamor, tan de moda, como xa dixemos, por aquel entón.

Así mesmo temos tamén unha de Saco e Arce (1835-1881) do latín (“*Staba mater...*”) (non foi a única que fixo desta lingua), da que xa daba conta tamén Carballo Calero (1981, p. 113-114). E tampouco falta outro destacado precursor, como é Xoán Manuel Pintos (1811-1876), que xa na súa coñecida obra *A Gaita Gallega* (1853) nos ofrecía a traducción do *Carmen* latino do Padre Amoedo dedicado a Pontevedra; nesta ocasión Pintos figura como traductor tamén dun poema dedicado a Pontevedra, que, supostamente, estaba escrito orixinariamente en francés.

9. CONCLUSIÓNS

Á luz destas informacións parece que se pode concluír que aquel conxunto de personalidades que ó longo da segunda metade do s. XIX estaban a realizar un importantísimo

¹⁹ V. Alonso Montero, 1989, p. XXXIX.

esfuerzo por facer do galego unha lingua habitual tamén a nivel escrito (de aí o seu empeño en publicaren estes semanarios escritos exclusivamente na lingua patria) eran plenamente conscientes da importancia que o xénero da traducción podía ter neste sentido, fundamentalmente como instrumento dignificador da lingua, ó equiparala non só ás linguas modernas con prestixio, senón tamén ó demostrar que era igualmente apta para accedermos ó coñecemento dos nosos clásicos. E neste sentido, partindo dun principio de lóxica coherencia, céntranse algo máis nó xénero poético, porque saben que a poesía ten unha máis longa tradición na nosa lingua e que por tanto a súa lectura resulta máis cómoda e fluída e, ó mesmo tempo, coas súas rimas, xogos de palabras e figuras retóricas, deleita especialmente os particulares gustos dos potenciais lectores do momento; pero, por outra parte, intentan tamén, e en gran medida, promover a prosa, xa que son conscientes da escasa presenza que esta tiña naquela época.

Evidentemente prodúcese unha comunión entre a creación literaria e a ideoloxía política. É precisamente no centro do período Rexionalista onde atopamos un maior índice de textos froito dunha traducción, tal vez nun intento de, por unha parte, dar a coñecer aquelas linguas que podían identificarse na súa situación coa nosa, e, por outra, ofrecer un contraste o suficientemente exemplificante de que Galicia posúe unha lingua propia e diferenciada, cualificada e desenvolvida, adecuada e válida.

A “loita” máis grande e máis desigual prodúcese co castelán, lingua que, como indicabamos, é obxecto dun maior número de traduccions, porque é así como mellor se pode demostrar a igual validez que un ou outro idioma teñen para expresar os mesmos conceptos. Sen embargo é probable que iso sexa tamén froito dunha razón máis simple: o castelán é a lingua coa que, queiramos ou non, temos unha maior familiaridade e un maior contacto, e da que, por tanto, mellor coñecemos non só as súas estruturas senón tamén os seus textos literarios (recórdese ademais que practicamente todos aqueles que nesta época se dedican á aventura de escribir en galego –entre eles os nosos tradutores– teñen así mesmo obra en castelán).

Non só se procede a traducir aquelas personalidades de máis prestixio, senón que outras veces se presentan artigos que polo seu contido pro-galego poidan ser de especial interese para o lector. Por tanto apréciase unha finalidade non só estrictamente lingüística senón tamén didáctica ós máis diferentes niveis.

E, finalmente, aínda que non entramos a valorar a corrección lingüística, a realización destas traduccions é unha evidencia máis do inxente labor que os autores do noso rexurdimento (que son maiormente os que figuran como realizadores delas) fixeron en prol da normalización do galego, a lingua que consideraban súa e da que se negaban a verse privados.

- AA. VV., *Diccionario enciclopédico hispano-americano*, Barcelona, Montaner y Simón ed., 1887-1910.
- , *Enciclopedia universal ilustrada europeo americana*, Espasa-Calpe, 1927.
- , *Gran Enciclopedia Catalana*, Barcelona, Enciclopèdia Catalana, S.A., 1970-1980.
- , *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago de Compostela / Gijón, Silverio Cañada ed., 1974-1991.
- Alonso Montero, Xesús, “A *Monteira*: de re litteraria”, en *A Monteira. Somanario de intrses rexionales e literatura*, Dirección Xeral de Política Lingüística, Xunta de Galicia, 1989, pp. XXXVII-XL.
- , “Horacio en galego: catro epodos descoñecidos de 1910”, en *Grial*, 116, outubro-décembro 1992, pp. 530-539.
- Carballo Calero, Ricardo, *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1981³.
- Hermida Gulías, Carme e Santamarina, Antón, “A *Monteira* e a recuperación idiomática de Galicia”, en *A Monteira. Somanario de intrses rexionales e literatura*, Dirección Xeral de Política Lingüística, Xunta de Galicia, 1989, pp. XXV-XXVII.
- Hermida Gulías, Carme, *Os precursores da normalización*, Vigo, Edicións Xerais, 1992a.
- , *A reivindicación da lingua galega no rexurdimento (1840-1891)*, Consello da Cultura Galega, 1992b.
- , *Rosalía de Castro na prensa barcelonesa (1863-1899)*, Patronato Rosalía de Castro, 1993.
- Ruiz de la Peña, Álvaro, “Anotacións superficiais sobre Campoamor”, *Ínsula. Revista de letras y ciencias humanas*, 575, novembro de 1994, pp. 18-19.

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS OBXECTO DO ESTUDIO

- A Fuliada*, A Coruña, 1888-...
- A Fuliada*, Betanzos, 1887.
- A Monteira*, Lugo, 1889-1890.
- As Burgas. Literatura e artes*, Ourense, 1894-...
- A Tia Catuxa*, Pontevedra, 1889-1890.
- O Galiciano*, Pontevedra, 1884-1889.
- O Novo Galiciano*, Pontevedra, 1888-1889.
- O Tio Marcos d’a Portela*, Ourense, 1876-1889.